

**NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ ÁS 21.00**

A gala de entrega dos galardóns celebrarase o mércores 29 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña

## **Un total de 13 espectáculos convértense en finalistas dos XXI Premios de Teatro María Casares**

*As obras que acaparan maior número de nomeacións son 'O tolleito de Inishmaan', de Contraproducións e FIOT Carballo, que aspira a 11 galardóns, e 'Eroski Paraíso', de Chévere, que opta a 8. Pola súa banda, 'Raclette', de Ibuprofeno Teatro, e 'Voaxa e carmín', de ButacaZero, optan a 5 María Casares*

*O premio ao mellor espectáculo decidirase entre 'O tolleito de Inishmaan', 'Eroski Paraíso' e 'Raclette', mentres que 'A nena que quería navegar', de Redrum Teatro, 'Pavillón Lino', de Caramuxo Teatro, e 'Danza da choiva', de Elefante Elegante competirán polo galardón ao mellor espectáculo infantil*

**1 de marzo de 2017-** A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) vén de anunciar os/as nomeados/as aos XXI Premios María Casares, a gran festa do teatro cuxa gala se celebrará o próximo **29 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña**. Os espectáculos finalistas nas catorce categorías coas que contan os Premios déronse a coñecer na Festa dos Nomeados/as, deste 2017. O Salón Teatro de Santiago acolleu esta tarde o acto, **presentado pola actriz e vogal da entidade Nieves Rodríguez**, ao que acudiron a maior parte dos/as profesionais finalistas deste 2017. Rodríguez, na súa presentación, destacou que durante a inscrición aos premios un total de 44 espectáculos e ao redor de 400 profesionais, presentaron as súas candidaturas, sendo as cifras rexistradas máis altas ao longo da historia dos María Casares.

En total de **13 espectáculos acadaron algunha nomeación nos catorce apartados nos que se dividen os María Casares**: maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación-tradución, texto orixinal, escenografía, actriz secundaria, actor secundario, actriz protagonista, actor protagonista, dirección, espectáculo e espectáculo infantil.

**O tolleito de Inishmann**, coprodución de Contraproducións e o FIOT Carballo, converteuse neste 2017 na produción con maior número de finalistas ao obter un total de 11 nomeacións. Pola súa banda, **Eroski Paraíso**, de Chévere, aspira a 8 galardóns. **Raclette**, de Ibuprofeno Teatro, opta a 5 premios. Estas tres producións teatrais disputaranse os apartados á mellor espectáculo e dirección.

**Voaxa e Carmín**, de ButacaZero, tamén aspira a levar 5 premios María Casares, mentres que **Foucellas**, de Talía Teatro, competirá en 3 categorías.

Os espectáculos **A nena que quería navegar**, de Redrum Teatro, e **Os amores de Jacques o fatalista**, de Producións Teatrais Excéntricas, optan a 2 María Casares.

Finalmente, optando a 1 galardón atópanse **Xurdefet (Jour de Fête)**, de Berrobambán; **Pavillón Lino**, de Caramuxo Teatro; **Tartufo**, do Centro Dramático Galego; **Get Back**, de Eme2 Producións; **Danza da Choiva**, de Elefante Elegante, e **Os Rockenstein**, de Malasombra Producións.

Cada espectáculo aspira aos premio nas seguintes categorías (entre parénteses, número de premios ao que optan):

- 1. O tolleito de Inishmaan (11):** espectáculo, dirección (Cándido Pazó), actor protagonista (Santi Romay), actriz secundaria (por partida dupla: Susana Dans e María Roja), actor secundario (Evaristo Calvo), adaptación/tradución, escenografía, maquillaxe, vestuario e iluminación.
- 2. Eroski Paraíso (8):** espectáculo, dirección (Xesús Ron), actriz protagonista (Patricia de Lorenzo), actor protagonista (Miguel de Lira), actriz secundaria (Cristina Iglesias), texto orixinal, iluminación e música orixinal.
- 3. Raclette (5):** espectáculo, dirección (Santiago Cortegoso), actor secundario (por partida dupla: Toni Salgado e Salvador del Río) e texto orixinal.
- 4. Voaxa e Carmín (5):** actriz protagonista (por partida dupla: Mabel Rivera e Belén Constenla), texto orixinal, maquillaxe e vestuario.
- 5. Foucellas (3):** escenografía, iluminación e música orixinal.
- 6. A nena que quería navegar (2):** espectáculo infantil e vestuario.
- 7. Os amores de Jaques o fatalista (2):** adaptación/tradución e música orixinal.
- 8. Tartufo (1):** actor protagonista (César Cambeiro).
- 9. Xurdefet (Jour de Fête) (1):** adaptación/tradución.
- 10. Pavillón Lino (1):** espectáculo infantil.
- 11. Get back (1):** escenografía.
- 12. Danza da choiva (1):** espectáculo infantil.
- 13. Os Rockenstein (1):** maquillaxe

Na Festa dos Nomeados participaron, ademais, os e as representantes dalgunhas das diferentes institucións que colaboran na organización dos premios: A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia), a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Fundación AISGE e a Fundación SGAE. Deste xeito, entregáronlles aos nomeados e nomeadas os diplomas Jacobo Sutil, director da Agadic; Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña; Yolanda Pereira, coordinadora da Delegación AISGE (Artistas Intérpretes Sociedad de Gestión), e Patricia Blanco, en representación da Fundación SGAE. Pola súa banda, o presidente da AAAG, Ernesto Chao, na súa intervención destacou a participación deste ano e a calidade dos espectáculos.

**FINALISTAS XXI PREMIOS MARÍA CASARES 2017**

<b>Mellor Maquillaxe</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Martina Cambeiro	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Trini F. Silva	Os Rockenstein	Malasombra Producións
Trini F. Silva	Voaxa e Carmín	ButacaZero

<b>Mellor Vestiario</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Carlos Alonso / Belén Pichel	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Diego Valeiras	A nena que quería navegar	Redrum Teatro
Mari Seoane	Voaxa e Carmín	ButacaZero

<b>Mellor Escenografía</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Carlos Alonso	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Dani Trillo	Foucellas	Talía Teatro
Suso Montero	Get Back	Eme2 Producións

<b>Mellor Iluminación</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Afonso Castro	Foucellas	Talía Teatro
Afonso Castro	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Fidel Vázquez	Eroski Paraíso	Chévere

<b>Mellor Música Orixinal</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Manuel Riveiro	Foucellas	Talía Teatro
Piti Sanz	Os amores de Jacques o fatalista	Producións Teatráis Excéntricas
Terbutalina	Eroski Paraíso	Chévere

<b>Mellor Adaptación/Tradución</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó, Santi Romay e Alberto Rodríguez	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Paula Carballeira	Xurdefet (Jour de Fête)	Berrobambán
Quico Cadaval	Os amores de Jacques o fatalista	Producións Teatráis Excéntricas

<b>Mellor Texto Orixinal</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Esther F. Carrodegas	Voaxa e Carmín	ButacaZero
Manuel Cortés	Eroski Paraíso	Chévere
Santiago Cortegoso	Raclette	Ibuprofeno Teatro

<b>Mellor Actriz Secundaria</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Cristina Iglesias	Eroski Paraíso	Chévere
María Roja	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Susana Dans	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo

<b>Mellor Actor Secundario</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Evaristo Calvo	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Salvador del Río	Raclette	Ibuprofeno Teatro
Toni Salgado	Raclette	Ibuprofeno Teatro

<b>Mellor Actriz Protagonista</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Belén Constenla	Voaxa e Carmín	ButacaZero
Mabel Rivera	Voaxa e Carmín	ButacaZero
Patricia de Lorenzo	Eroski Paraíso	Chévere

<b>Mellor Actor Protagonista</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
César Cambeiro	Tartufo	Centro Dramático Galego
Miguel de Lira	Eroski Paraíso	Chévere
Santi Romay	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo

<b>Mellor Dirección</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
Santiago Cortegoso	Raclette	Ibuprofeno Teatro
Xron	Eroski Paraíso	Chévere

<b>Espectáculo Infantil</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
	A nena que quería navegar	Redrum Teatro
	Danza da Choiva	Elefante Elegante
	Pavillón Lino	Caramuxo Teatro

<b>Mellor Espectáculo</b>		
candidat@	Espectáculo	Compañía
	Eroski Paraíso	Chévere
	O tolleito de Inishmaan	Contraproducións SL /FIOT Carballo
	Raclette	Ibuprofeno Teatro

### ***Asociación de Actores e Actrices de Galicia e os Premios María Casares***

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia. A súa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector, en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia no ano 1997 co obxectivo de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega, enchendo o oco baleiro existente neste eido.

Os galardóns constan de catorce categorías ou apartados representativos do traballo realizado, tanto diante como detrás do pano, ademais do Premio de Honra Marisa Soto, que recoñece a traxectoria profesional do galardoado/a. A Xunta Directiva da AAAG é a encargada de outorgar o citado galardón.

Aspiran aos Premios María Casares de Teatro todas as producións teatrais realizadas que foran estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á súa concesión, así como todos os profesionais que participaron nas citadas montaxes, durante ese período de tempo.

O portal da Asociación é [www.aaag.gal](http://www.aaag.gal)